

Acta da sesión extraordinaria da Corporación do Concello de Cerceda celebrada o día 12 de febreiro de 2020.

Na Sala de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Cerceda (A Coruña), sendo as vinte e unha horas e catro minutos do día 12 de febreiro de 2020, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria previamente convocada ó día da data, para a que foron previamente citados.

Asistentes:

Grupo Municipal Socialista:

D. Juan José Rodríguez García.

Dna. Cristina Capelán Cancelo.

D. Francisco Javier Boquete Cambón.

Dna. María Carmen Martínez Barreiro.

D. Jesús Rama Bello

Dna. Catrina Queijo García

D. Angel Gestal Gómez

Grupo Municipal Popular:

D. José Francisco Santos Regueiro.

Dna. Celia López Pallas.

Dna. Luz M^a Bello Vazquez

D. Jesús Picon Pardo

Dna. Lorena García Costa

Grupo Municipal Mixto:

D. Alberto Sánchez Regueiro.

Secretario: Raúl Martínez Martínez.

Interventora: Pilar Martínez Villar.

A Presidencia, tras comprobar nos términos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 46.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para a válida celebración das sesións do Concello Pleno, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Toma de posesión como concelleiro de D. Angel Gestal Gómez.

Primeiro e único. Elección de Alcalde do Concello de Cerceda.

Toma de posesión como concelleiro de D. Angel Gestal Gómez, o concelleiro promete o cargo de Concelleiro.

Primeiro e único. Elección do Alcalde do Concello de Cerceda.

A Presidencia da lectura os escritos de renuncia de D. José García Liñares, na súa condición de Alcalde e concelleiro.

A presidencia, pregunta quen se postula para o cargo de Alcalde, de entre os cabeza de lista das formacións políticas.

Presentase a elección D. Juan Manuel Rodríguez Iglesias, que resulta elixido por sete votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista e seis abstencións dos concelleiros do Grupo Popular e Grupo Mixto.

Toma posesión como Alcalde do Concello D. Juan Manuel Rodríguez Iglesias, que promete o cargo.

Intervencións que se citan:

O Alcalde da a benvida os os veciños e veciñas, e felicita o novo concelleiro que acaba de tomar posesión e dálle a benvida. Comenta que este é un pleno institucional.

O concelleiro Sr. Santos dalle a benvida ó novo concelleiro e felicita o novo Alcalde, e segue a dicir que esperan cousas novas e cousas sanas, deséxalle unha presidencia benévola e boa para toda Cerceda.

O concelleiro Sr. Sánchez dalle a benvida o novo concelleiro e felicita ó novo alcalde, e manifesta que apoiará as novos rumbos na política de Cerceda.

O Alcalde agradece as felicitacións, e manifesta que está interiorizando a nova etapa como alcalde, que dende que xurdiu esto vese como un servidor de Cerceda. E manifesta que é moi difícil suceder o anterior Alcalde que é un político de categoría, e que para el Cerceda sempre foi o primeiro. Segue a dicir, que é novo, pero que eso é un matiz non unha excusa, asegura ser realista pero non conformista. Anuncia unha transición que calcula en tres ou catro meses, e outra mais liviana no prazo dun ano. Asegura, que somos un referente, pero hai novos retos como o desmantelamento da central, o novo polígono, o desenvolvemento do rural...; que están aquí para facer cousas, o importante non é estar e ser, ser non é un fin, é un medio para mellorar a vida dos veciños de Cerceda. Diríxese a oposición dicindo que pode criticar e pode ser criticado, que o importante é separar o persoal do político, e que somos un pobo pequeno no que o mais importante é ser veciños, e téndelle unha man para chegar a acordos. Con respecto do seu grupo político, defende que son os depositarios de maioritaria confianza dos veciños, que foron elixidos para desenvolver un programa, e que o mais importante é Cerceda, sempre no corazón é na cabeza.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as vinte e unha horas e dezasete minutos, da que eu Secretario Xeral, extendo a presente acta.-

O alcalde en funcións.

Juan Manuel Rodríguez García
Martínez.

O Secretario Xeral.

Raúl Martínez